



CONCURSO DE TAPAS EN A ESTRADA 2018

ACOE, en colaboración coa hostalería asociada de A Estrada organiza o **Concurso de Tapas "SANTAS TAPAS"**, do **28 de marzo ó 01 de abril de 2018**, có obxectivo de promocionar a restauración local e potenciar o turismo no municipio.

Bases:

- 1) **ÁMBITO DE PARTICIPACIÓN:** Calquera persoa que non pertenza a directiva da ACOE poderá participar nos sorteos e votacións do concurso.
Solo poderán participar como hostaleiros poñendo tapas os que sexan asociados a ACOE.

- 2) **OBXETO DE PARTICIPACIÓN:** Os establecemento participantes **elaboraran unha tapa**, tendo un ingrediente de orixe galego, a un prezo de venda o público de **1,80 € cada tapa**.
As persoas que degusten as tapas poderán participar en diversos sorteos de agasallos cumprindo os requisitos indicados no punto 6.

- 3) **DIFUSIÓN Y MATERIAL DE PARTICIPACIÓN:** ACOE distribuirá entre a hostalería participante cartelería e cartillas de puntuación. Os hostaleiros teñen que ter unha urna para que os clientes depositen as súas cartillas. Estas cartillas de participación estarán a disposición dos clientes nos locais participantes e na páxina web da ACOE .

- 4) **MODO E PERIODO DE PARTICIPACIÓN:** as tapas presentadas a concurso deberán estar a disposición do público consumidor en un número suficiente e razoable de unidades ou porcións, **da noite do 28 de marzo ata a noite do 01 de abril de 2018 no seguinte horario:**
Mañans: 12 h. a 15 h.
Noites: 20 h. a 23 h. .
Asimesmo, os establecementos concursantes deberán ter exposto en lugar visible o cartel anunciador do concurso e a urna para depositar ás papeletas do concurso.

5) MODALIDADE DE VOTACIÓN:

- a. **Coas papeletas:** Cando un cliente deguste unha tapa presentada a concurso, **o establecemento participante deberá selarlle**, se non o fixo con anterioridade a **cartilla de votación**, na casilla correspondente ó seu establecemento.
- b. **A través da aplicación:** outro ano máis utilizaremos a aplicación para móbiles onde poderás votar a tapa. Estas votacións solo serán válidas dende o mércores 28 de Marzo de 2018 as 20 horas ata as 23:59 do domingo 01 de Abril de 2018. **As votacións fora dese prazo serán eliminadas.**

Os clientes poden votar solo as tapas dos establecementos dos que teñan o selo. Para que os votos da papeleta sexan válidos deberá ter alomenos un selo de cada ruta.

Para entrar no sorteo dos diferentes agasallos será preciso:

- Ter 3 selos de cada ruta (Rosalía, Castelao e Neira Vilas).
- Para entrar no sorteo dos 1.000€ terán que ter os cuños de tódolos establecementos.
- Ter os seus datos cubertos e lexibles na **cartilla de votación e depositala en calquera das urnas sitas nos establecementos hostaleiros participantes .**

As papeletas terán que estar depositadas o domingo 01 ás 23:00h. coma data tope para participar no sorteo e ser válidas para o reconto.

7- OS AGASALLOS A SORTEAR ENTRE OS CLIENTES PARTICIPANTES NO CONCURSO SON:

- Táblet, Pendrives, PowerBanks, smartboxs, e libro de cociña. Todos estes agasallos son doados por **Gadisa**.
- Pack de produtos de embutidos varios doados por **Monte Cabalar**.
- Botellas das diferentes firmas de sidra de A Estrada doadas por **Asociación Maceira e Sidra de A Estada**.
- Vales por unha limpeza bucodental doados por **Clínica Dental A Estrada**.

- Vales desconto de 30€ cada un para consumir no 30 días seguintes ó sorteo doados por **Centro Óptico A Estrada**.
- Agasallos doados por **Coste Cero**.
- Vales do 30% de desconto en calquera compra doado por **Nova Visión Óptica**.*
- Un vale de desconto do 20% doado por **Andaina**. *
- Camisetas e corta-pizzas doados por **Pizzería Galega**.
- Tazas Mug e vales para unha ampliación de foto en A3 doado por **O Copión**.
- Vales de agasallos para canxear na tenda doados por **Tiko Doco**.
- Vales do 15% de desconto doado por **Moksin** para consumir no 15 días seguintes ó sorteo. *
- Vales de desconto do 20% doados por **Ana Belén Moda Infantil**. *
- Agasallo de un reloxo doado por **Xoiería Benito Puente**.
- Vale de 50€ doado por **Mi Vestidor Azul**.
- Vale de 50€ doado por **Xoiería Fondevila**.
- Vale por revisión de ordenador valorado en 45€ doado por **Código Digital**.
- Tarxeta regalo de 30€ doados por **Emilio Iglesias**.
- 60€ de desconto no servizo que se contrate doado por **Emilio Iglesias**.
- Agasallos doados **por EDELEC**.
- Tarxetas de 20€ en combustible cada unha doadas por **SBC Gasolineiras**.
- 4 vales de agasallos para canxear na tenda doados por **Librería Lolimay**.
- Equipo micro HI-FI, Set de desayuno Celta, Vasos de cristal Celta e libros de humor gráfico doados pola **Faro de Vigo**.

**Estes descontos non son acumulables a outras ofertas que haxa no momento.*

8) RECOLLIDA DE VOTOS: Os hostaleiros participantes levarán o luns 02 de abril 2018 as urnas a oficina da ACOE, e farase o recuento de votos.

No será válida ningunha urna que non manteña intacto o seu precinto. Non será válida ningunha papeleta que non cumpra os requisitos esixidos.

- 9) **RESOLUCIÓN E AGASALLOS:** Comunicarase o día do sorteo e o gañador das Santas Tapas 2018 polas nosas redes sociais xunto co resto dos gañadores dos diferentes sorteos. É obrigatorio estar presente na entrega, se non perderán o dereito a recibir o agasallo.
- 10) **ACEPTACIÓN DE LAS BASES:** a participación no Concurso de Tapas “SANTAS TAPAS” implica a aceptación das súas bases, así como a resolución do mesmo.
- 11) **ENTREGA DO PREMIO:** A entrega do premio levarase a cabo mediante acreditación de NIF/CIF por parte do gañador, realizarase sobre o día 09 de abril 2018 a partir das 20:00 horas.
Os gastos de desprazamento ao lugar de recolleita do agasallo, así como todo gasto de retirada do mesmo, serán por conta do gañador.
No caso de que o gañador non **recolla o seu agasallo no día estipulado, perderá automaticamente o seu dereito ao premio**, pasando a disposición da ACOE, quen dispoñerá do mesmo para posteriores sorteos.
O ganador autoriza á ACOE a reproducir e utilizar o seu nome, apelidos e imaxe, en calquera actividade pública e promocional, relacionada co concurso no que resultou gañador, sen que esta utilización confíralle dereito de remuneración ou beneficio algún con excepción feita da entrega do premio.
- 12) **PARTICIPACION:** Os premios do presente sorteo, en ningún caso poderá ser obxecto de cambio, alteración ou compensación a petición do gañador.
A ACOE, resérvase o dereito a modificar os premios, por outro de igual ou superior valor promocional de consideralo necesario, comprometéndose, en todo caso a publicar a información a través da súa páxina web “www.acoe.es”.
- 13) **VERACIDAD DOS DATOS:** Os datos facilitados polos participantes deberán ser veraces. No caso de que estes fosen falsos, os premios que lles correspondín serán atribuídos á ACOE para posteriores sorteos.

- 14) RECLAMACIONES:** O período de reclamación sobre o resultado do sorteo finalizará transcorridos dez(10) días naturais desde a data de publicación dos resultados de cada un dos sorteos segundo establécese no apartado 11 das presentes bases.
- 15) MODIFICACION DE BASES E SUSPENSION DO SORTEO:** A ACOE, resérvase o dereito a suspender, aprazar ou cancelar o presente sorteo en calquera momento anterior ao comezo do mesmo, sempre que existan causas que así o xustifiquen, así como a modificar as presentes bases, comprometéndose a comunicaras novas bases, condicións, suspensión, aprazamento ou cancelación, no seu caso.
- 16) RESPONSABILIDADES ALLEAS:** En ningún caso a ACOE será responsable dos servizos que calquera outra entidade coa que esta colabore, preste ao agraciado como consecuencia do premio entregado.
- A responsabilidade da ACOE queda limitada, en exclusiva, á publicación do resultado do sorteo segundo atópase contemplada nestas bases e á entrega do premio á persoa agraciada co mesmo, fóra do anterior, a ACOE non responderá fronte a cales queira tipo de reclamacións que se puidesen formular directa ou indirectamente relacionadas co sorteo, a condición de agraciado ou a retirada do premio no punto designado nestas bases para a súa entrega. Así mesmo, o agraciado deberá dirixirse directamente fronte ao provedor do premio no caso de que o mesmo adoeza de calquera tara ou defecto de fabricación.
- 17) DEPÓSITO:** As presentes bases aparecerán recollidas e dispoñibles ao público na páxina Web da ACOE “www.acoe.es”.
- 18) XURISDICCION:** Para o coñecemento de calquera litixio que puidese suscitarse en canto á interpretación ou aplicación das presentes Bases, tanto a ACOE como os participantes no presente sorteo, sométense expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais da Estrada, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles.